

## **Lei 13/1985, do 2 de outubro, sobre sancións accesorias en materia de pesca, marisqueo e cultivos mariños**

### Tramitación parlamentaria:

Proposición de lei, BOPG núm. 461, do 31.8.1985.

Debate e toma en consideración polo Pleno, DSPG núm. 127, do 24.9.1985.

Debate e aprobación polo Pleno en lectura única, DSPG núm. 129, do 2.10.1985.

### Publicación:

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 480, do 14.10.1985.

*Diario Oficial de Galicia* núm. 214, do 8.11.1985.

*Boletín Oficial del Estado* núm. 57, do 7.3.1986.

## **Lei 13/1985, do 2 de outubro, sobre sancións accesorias en materia de pesca, marisqueo e cultivos mariños**

Esta lei foi derogada pola Lei 6/1991, de infraccións en materia de protección de recursos marítimo-pesqueiros.

A Lei de Sancións en Materia de Pesca, Marisqueo e Cultivos Mariños, número 5/85, do 11 de xuño, non contén entre as súas previsións o establecemento de medidas complementarias inherentes a sancións por infraccións nas devanditas materias, o que obriga a unha aplicación supletoria da lexislación do Estado ó abeiro do preceptuado na Disposición Adicional primeira da devandita Lei.

É obvia a conveniencia en tódalas ordes de que os devanditos aspectos sexan directamente regulados pola Comunidade Autónoma, non só polas razóns dunha correcta articulación legal que facilite a utilización e coñecemento das disposicións vixentes, senón tamén en canto á expresión dun axeitado desenvolvemento das competencias lexislativas que lle son propias.

Na súa virtude, visto o disposto no artigo 37.2 do Estatuto de Autonomía e sendo materia de competencia exclusiva, en concordancia co disposto no artigo 27.15, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 24

la Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei sobre sancións accesorias en materia de Pesca, Marisqueo e Cultivos Mariños.

### **Artigo único**

Dispónse a adición de un artigo (10 bis) á Lei de Sancións en Materia de Pesca, Marisqueo e Cultivos Mariños, que pasa a constituí-lo ordinal once, co desprazamento subseguinte de tódolos posteriores, co seguinte texto:

#### **«Artigo 11**

Toda sanción que se imponha por infracción administrativa en materia de pesca, marisqueo e cultivos mariños, así como as cometidas en mercados interiores, poderán levar consigo como accesorias:

1.— A confiscación das artes, aparellos ou útiles de pesca e marisqueo antirregulamentarios, ou cando sendo regulamentarios existan probas evidentes de que fosen utilizados na captura de especies vedadas ou de talla inferior á establecida.

2.— A confiscación de tódalas

especies de tallas antirregulamentarias e das capturas en épocas ou zonas de veda ou prohibidas.

3.— O precinto e confiscación, segundo proceda, de vehículos, útiles, equipamentos e animais de todo xénero que se usen ó cometer infraccións desta natureza en mercados interiores.

4.— O peche do establecemento, polo prazo e na forma que regulamentariamente se determine

cando se trate de infraccións cometidas na comercialización e, en todo caso, por tempo non superior a tres meses.»

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 1985

Gerardo Fernández Albor  
Presidente